

## SOLUCIONARIO 1 (actividades do 16 ao 20 de marzo)

- **Solucións ás actividades da primeira clase da semana**

### **Exercicios 1, 2 , 3, 4, 5, 6, 7 e 8.**

#### **Ex. 1**

Os **ecosistemas terrestres** teñen o biótomo non cuberto por auga e están condicionados pola temperatura, as precipitacións e a latitude, que son os principais elementos do clima. Exemplos de ecosistemas terrestres: bosque, deserto, pradería, etc.

Os **ecosistemas acuáticos** teñen o biótomo cuberto por auga e están condicionados pola dinámica da auga e a salinidade. Exemplos de ecosistemas acuáticos: unha lagoa, un río, unha charca, etc.

#### **Ex. 2**

Os **ecosistemas mixtos** son zonas de encontro entre a terra e a auga, é dicir, son zonas que se sitúan entre as dúas fases. Exemplos: unha praia, un delta, unha marisma, etc.

#### **Ex. 3**

Os principais factores que condicionan os ecosistemas terrestres son a temperatura, as precipitacións e a latitude.

#### **Ex. 4.**

Os principais factores que condicionan os sistemas acuáticos son a temperatura e a salinidade.

#### **Ex. 5**

Un ecosistema está en equilibrio se as súas relacións son estables e permiten a supervivencia das distintas poboacións que habitan nel.

#### **Ex.6**

**Mecanismos de autorregulación dun ecosistema** son respostas que contrarrestan as alteracións e lle devolven a estabilidade ao ecosistema.

Exemplo de mecanismo de autorregulación:

Se nun ecosistema existen moitas presas, hai moito alimento dispoñible para os depredadores e poderán ter máis crías, polo que en pouco tempo aumentará o número de depredadores. O elevado número de depredadores necesitará moitas presas para alimentarse, polo que o número de presas diminuirá, quedando menos alimento ao dispor dos depredadores. Como consecuencia, algúns morrerán, terán menos crías, e o número de depredadores diminuirá. Entón, como os depredadores cazarán menos presas, o número destas aumentará, volvendo ao momento de inicio manténdose estable o equilibrio entre as dúas poboacións

### Ex.7

Os principais cambios que alteran o equilibrio dun ecosistema son:

- Cambios nalgún factor abiótico, como un cambio brusco de temperatura que pode chegar a facer que moitos individuos dunha poboación desaparezan.
- Cambios que limitan ou destrúen os recursos que necesitan os seres vivos para sobrevivir, como os alimentos:

### Ex.8

Pregunta para debater entre todos (compañeiros/as e profesora) á volta, cando comecemos de novo a actividade lectiva presencial.

- **Solucións ás actividades da segunda clase da semana**

### Exercicios 1 e 2.

#### Ex.1


- a) Areas, gravas, limos, arxilas, auga con distintos sales disoltos, aire contido nos poros.
- b) Entre as características físicas e químicas destacan a temperatura, a humidade e a carencia de luz, agás na capa máis superficial.
- c) A temperatura e a humidade son máis estables que no exterior. A carencia de luz permanece estable, agás na capa máis superficial, que depende da luz exterior.

#### Ex. 2

- a) Exemplos:  
Anélidos como a miñoca (consumidor) artrópodos como insectos e arácnidos (consumidores), mamíferos como a musaraña e a toupa

(consumidores), plantas como árbores, herbas ou fentos (produtoras), fungos (descompoñedores), bacterias (descompoñedoras), etc.

b)



Exemplo de rede trófica

A perda do solo pode ter graves consecuencias e, entre elas, as máis destacables son.

- Dininución da biodiversidade.
- Desertificación.

- o **Solucións ás actividades da terceira clase da semana**

**Exercicios 1, 2, 3 e 4.**

**Ex. 1**

A **biodiversidade** ou diversidade biolóxica é a variedade de especies que habitan ou habitaron a Terra.

## Ex. 2.

- a) Arroz, patacas, carne, peixe, etc.
- b) Antibióticos como a penicilina. A digoxina que se emprega para o tratamento de enfermidades do corazón. O ácido salicílico que se emprega para fabricar a aspirina, etc.
- c) Madeira para facer mobles, celulosa para fabricar papel e cartón, lino e algodón para a obtención de telas, etc.
- d) Visita a un parque natural, a un acuario, a un museo de historia natural, etc.
- e) Carbón, petróleo, madeira.

## Ex. 3

As plantas emiten á atmosfera o osíxeno que a maioría dos seres vivos respiramos e retiran dela dióxido de carbono que producimos na combustión de combustibles como a madeira, carbón, gasolina, etc.

As plantas, coas súas raíces, reteñen o solo, evitando ou atenuando a súa erosión.

## Ex. 4

“En 1973, un científico descubriu que da árbore de calvaria (típico da illa Mauricio) só quedaban 13 exemplares de arredor de 300 anos. As calvarias producían sementes fértiles todos os anos, pero ningunha xerminaba. Este investigador chegou á conclusión de que non o facían desde o século XVII, época na cal desapareceu o dodo. Este animal gardaba pequenas pedras no seu buche, polo que cando inxería sementes de calvaria, ditas pedras erosionaban la cuberta das duras sementes, sen o cal estas no podían xerminar. Este investigador fixo un experimento con pavos comúns, que teñen un sistema dixestivo similar ao do dodo, aos que lles deu de comer as sementes de calvaria; ao cabo dun tempo, as sementes xerminaron, sendo probablemente as primeiras que o facían en 300 anos”.

- **Solucións ás actividades da cuarta clase da semana**

## Exercicios 1, 2 , 3, 4 e 5

### Ex. 1

**Extinción:** é un fenómeno que se produce cando morre o último individuo pertencente a unha especie e acontece de forma natural, aínda que nos últimos anos se acelerou como consecuencia de certas actividades do ser humano.

## Ex. 2

A **sobreexplotación** dos seres vivos prodúcese cando se extraen do medio tal cantidade de seres vivos, e a tanta velocidade, que non teñen tempo a rexenerarse.

## Ex. 3

A caza e a recolección masiva dalgunhas especies para comercializar produtos como o marfil ou o coral. A pesca excesiva; en especial, a captura de peixes cun tamaño inferior ao permitido. A corta masiva de árbores para obter madeira.

## Ex. 4

As medidas que se propoñen para evitar a deforestación son:

- Non substituír os bosques por terreos de cultivo.
- Non sobreexplotar os bosque, é dicir, non cortar máis árbores das que se rexeneran nun tempo determinado.
- Previr os incendios forestais, evitando acender lume e non tirando cabichas ou desperdicios que poidan causar un incendio.